



EXPEDIENTE:	<b>“SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA”</b>
Nº DE EXPEDIENTE:	2023/ABSSUB/000005
TRÁMITE:	RESOLUCIÓN DE INICIO

### RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRA DA ÁREA LEGAL E ECONÓMICA.

Examinado a memoria xustificativa e informe de insuficiencia de medios promovendo o contrato que consta no expediente indicado na cabeceira, no que se xustifica a natureza e extensión das necesidades a satisfacer así como a idoneidade do obxecto e natureza do contrato para satisfacelas e a insuficiencia de medios nos termos que esixe o artigo 28.1, 30 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, que se asumen nesta resolución.

Considerando que está xustificada a necesidade de proceder a realizar un contrato de subministro para satisfacer as necesidades expostas no informe mencionado.

Resultando, que a realización do contrato de subministro mencionado na cabeceira require acordo de inicio do órgano de contratación, que no Concello de Pontevedra é a Xunta de Goberno Local de conformidade co apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP, se ben a dita competencia para iniciar expedientes delegouse nesta Concellería da Área legal e económica, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2023.

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2023 **RESOLVO:**

Primeiro.- Acordar o inicio do expediente do contrato de subministro que se menciona na cabeceira desta resolución e considerar xustificada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer no contrato así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas.

EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO	<b>“SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA”</b> <b>2023/ABSSUB/000005</b>
ORZAMENTO	115.206,05 €
IVE	24.193,27 €
ORZAMENTO TOTAL	139.399,32 €





PRAZO DE ENTREGA DO SUBMINISTRO	2 MESES
---------------------------------	---------

**Segundo.-** Que se proceda a incorporar ao expediente os documentos que correspondan ata a formalización do contrato.

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

